



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE GONDOMAR PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central, s/n, Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181, do 7 de setembro), en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, o Concello de Gondomar, con NIF P3602100D e domicilio na Praza Dr. Latino Salgueiro, núm. 1, representado por Francisco Ferreira González, na súa condición de alcalde, proclamado na sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

MANIFESTAN

I.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente,





Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de “ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais”; “o patrimonio histórico - artístico”.

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais e, de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/das propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar os expedientes iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e axeitada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82





e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2020, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 26 de xuño de 2020 e, en virtude de Resolución da Dirección Xeral do IGVS do 23 de outubro de 2020, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: Adquisición Casa Peralba.

Orzamento total: 300.000 €.

Importe do financiamento: 300.000 €.

Prazo de reposición: 8 anos.

Segunda. Obrigas das partes

O IGVS comprométese a:





- a) Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 300.000 € a favor do concello asinante deste convenio.
- b) Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:

- a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.
- b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

Anualidade 2021: 37.500 €

Anualidade 2022: 37.500 €

Anualidade 2023: 37.500 €

Anualidade 2024: 37.500 €

Anualidade 2025: 37.500 €

Anualidade 2026: 37.500 €

Anualidade 2027: 37.500 €

Anualidade 2028: 37.500 €

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

- c) A xustificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.
- d) A incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes -2021, 2022, 2023, 2024, 2025, 2026, 2027, 2028-, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.
- e) A permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o suposto de que o concello non repuxese as cantidades acordadas dentro dos prazos fixados na resolución ou incumprise





calquera outra das obrigas previstas no convenio de financiamento.

f) A ingresar no citado número de conta a totalidade da cantidade percibida, así como os xuros legais correspondentes á disposición realizada, no suposto de resolución anticipada do convenio por incumprimento das súas obrigas.

g) A non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

Terceira. *Disposición do importe con cargo ao Fondo de cooperación*

A disposición de cantidades con cargo ao Fondo de cooperación efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta ES0320805035053040005442.

Cuarta. *Amortización*

O concello poderá, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición, debendo comunicarllo previamente ao IGVS mediante o anexo III da resolución de convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación, cunha antelación mínima de quince (15) días naturais e máxima de sesenta (60) días, tamén naturais, á data na que se queira facer efectiva a amortización anticipada.

As amortizacións non poderán ser por unha contía inferior a cincuenta mil euros (50.000 €), agás que o concello queira reintegrar anticipadamente a totalidade do importe da disposición e esta fose inferior á dita cantidade.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades a aboar en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Quinta. *Xustificación das actuacións obxecto de financiamento*

O cumprimento por parte do concello das finalidades obxecto do financiamento deberá acreditarse ante a Dirección Xeral do IGVS mediante a presentación por vía electrónica dun certificado do órgano competente do concello acreditativo da finalización das





actuacións, da adquisición do inmovible obxecto de financiamento ou, de ser o caso, da elaboración do plan especial de protección polo equipo encargado da súa redacción. O prazo para presentar estes documentos será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da data de finalización do período de execución da actuación, da adquisición do inmovible ou da entrega do plan especial de protección ao concello.

Así mesmo, o concello deberá remitir electronicamente á Dirección Xeral do IGVS, con periodicidade semestral, ata o completo remate da actuación, un informe sobre o estado de execución das obras, a adquisición do inmovible, acompañados de fotografías, ou, de ser o caso, o estado de tramitación da elaboración do plan especial de protección, sen prexuízo de que o IGVS poida realizar as comprobacións que estime oportunas.

Sexta. Obrigas e compromisos económicos

O IGVS achegará un importe de 300.000, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2020:

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	07.83.451A.821.60	300.000

Sétima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión de seguimento, integrada por dous (2) representantes de cada unha das partes.

As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

- a) Efectuar un seguimento do grao de cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste convenio.
- b) Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e no cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse, a petición de calquera das partes, tantas veces se consideren oportunas para o desenvolvemento das súas tarefas.





Oitava. Prazo de execución

O prazo de execución deste convenio comezará o día da súa sinatura e rematará na data en que se produza a efectiva reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

Novena. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- b) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.
- c) A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

Décima. Datos persoais

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na súa normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira. Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo e réxese para os seus efectos polas súas cláusulas, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver





as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, non solucionadas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade, asinan electronicamente este convenio na data indicada.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Polo Concello de Gondomar

Ángeles Vázquez Mejuto

Francisco Ferreira González

